



24 | setembro | 2015

PREMIOS “GRANDEAREA” 2015

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, no marco dos premios “GRAN DE AREA de aportación a arquitectura”, recoñece unha vez máis os proxectos e obras dos arquitectos realizados no ámbito das delegacións de Pontevedra e Vigo.

Este ano presentáronse 50 candidaturas que dan resposta ás necesidades da sociedade e que reflicten un compromiso dos autores e demais axentes involucrados no proceso construtivo coa arquitectura responsable.

A selección realizada vai encamiñada a amosar que a Arquitectura é posible e cercana. Que os axentes intervintes e recoñecidos nas obras presentadas, dende a súa responsabilidade e á escala da intervención, poden axudar á mellora do entorno, e sexa expresión da cultura arquitectónica e os valores colectivos desta sociedade e deste tempo.

Os premios "Gran de Area de aportación á Arquitectura" pretenderon sempre, ser un vehículo de comunicación coa sociedade, do que na contorna, e xurdido da propia sociedade, se ten feito de calidade, como proxecto ou como obra, ao longo do ano previo.

Este ano concorreron propostas de moi diversas escalas e localizacións. Con máis motivo, e polo seguro esforzo redobrado dos participantes, por alcanzar os obxetivos ante as limitacións, son estas propostas unha oportuna reivindicación da profesión e da arquitectura na nosa contorna.

O xurado quere salientar a calidade dos proxectos e obras presentadas, recoñecendo o esforzo dos participantes.



1. Composición do xurado

O xurado para a avaliación das obras presentadas, está composto polas seguintes persoas:

- Antonio Davila Alonso, Presidente da Delegación de Vigo do COAG.
- Manuel Abelleira Argibay, Presidente da Delegación de Pontevedra do COAG.
- José Luís Sáez Silva, arquitecto designado pola delegación de Vigo do COAG.
- Diego Germade Castelo, arquitecto designado pola delegación de Pontevedra.
- María Luisa Pierres López, arquitecta premiada na edición anterior do GDA.
- María Mariño de Oya, secretaria da Delegación de Vigo, con voz pero sen voto.

2. FALLO

O xurado salienta as seguintes obras presentadas:

<u>título proxecto</u>	<u>Arquitectos/as</u>
Rehabilitación “Ferrería 4 “. Vigo. Casa “La Noria” . A Guarda. Rehabilitación de inmobles na Rúa San Sebastian 4-6, Subida ao Castelo 5-7. Vigo. Vivenda “Escama y Pilar”. Glorieta de Compostela. Pontevedra. Xoiería “Gonzalez 1968”. Vigo. Intervención urbana na “Praza do Seixo”. Tomiño Taller artesanal Armenteira	Dna.Carolina Dominguez Gómez e Dna.Rosa del Río Pastoriza. Colaboradora: Dna.Laura Crespo Álvarez D.Mauro Lomba Martinez D.Javier Franco Rabuñal e D.Vicente Pintos Santiago Dna.María Gracia Amandi Joglar e D.Jorge de Uña Santos. D.Plablo Menéndez Paz D.Perfecto Cendón Domínguez e D.Javier Vázquez Fernández D.Jaime Rodríguez Abilleira e D.Santiago Pintos Pena.

En Vigo a 24 de setembro de 2015.

Asdo. Antonio Davila Alonso

Asdo. Manuel Abelleira Argibay

Asdo. José Luis Sáez Silva

Asdo. Diego Germade Castelo

Asdo. María Luisa Pierres López

Asdo. María Mariño de Oya